

COMPETENCIAS EN INFORMACIÓN NAS CIENCIAS DA SAÚDE: INFORME ANUAL

CURSO 2020-2021

Biblioteca de Medicina e Odontoloxía

Biblioteca de Enfermaría

ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN

2. DESENVOLVEMENTO DOS CURSOS

2.1. Marco competencial

2.2. Cronoloxía dos cursos e características fundamentais

3. RESULTADOS

4. ENQUISAS DE SATISFACCIÓN

5. CONCLUSIÓNS

6. BIBLIOGRAFÍA

1. INTRODUCCIÓN

Os principais obxectivos deste informe son:

1. Presentar os resultados das actividades de formación en competencias en información realizadas pola Biblioteca de Medicina e Odontoloxía e pola Biblioteca de Enfermaría no curso académico 2010-2021.
2. Poñer en valor a función formadora da biblioteca e mostrar a súa capacidade de formación en competencias en información.

Este informe enmárcase dentro das funcións da Dirección da Biblioteca dos centros de responsabilizarse da execución da política bibliotecaria no centro, achegar os informes que sexan necesarios e avaliar e difundir as actividades realizadas pola biblioteca.

A metodoloxía de realización do informe é descritiva.

2. DESENVOLVEMENTO DOS CURSOS

2.1. Marco competencial

a) Nivel Básico

O curso de Nivel Básico de Competencias en Información desenvólvese dentro do marco competencial do DIGCOMP, iniciado no 2010 co obxectivo de identificar as claves necesarias para ser dixitalmente competente e elaborar un marco de referencia a nivel europeo para as devanditas competencias.

A Unión Europea integra as Competencias en Información dentro da Competencia Dixital, e define esta como unha das competencias fundamentais que todo estudante debe ter adquirido ao rematar a súa formación académica.

O alumnado asume que saber xestionar información é unha práctica transversal que debe completar o seu proceso de formación na universidade.

O DIGCOMP establece 21 competencias dixitais repartidas en cinco áreas:

- ÁREA 1: Información e tratamento de datos.
- ÁREA 2: Comunicación e colaboración.
- ÁREA 3: Creación de contido dixital.
- ÁREA 4: Seguridade.
- ÁREA 5: Resolución de problemas.

b) Nivel Avanzado

O curso de Nivel Avanzado sitúase dentro do marco competencial establecido por REBIUN no seu documento [*Definición de Competencias Informacionais \(CI\)*](#) (2014) que recolle cinco competencias, sinalando para cada unha delas as realizacións competenciais e os indicadores, coñecementos, procedementos e actitudes necesarios para alcanzar a devandita competencia:

- CINFO1: Buscar información
- CINFO2: Avaliar a información
- CINFO3: Organizar e xestionar eficazmente a información reunida.
- CINFO4: Usar, publicar e difundir a información respectando as normas éticas e legais.
- CINFO5: Manterse ao día e compartir información en rede.

c) Nivel Experto

O curso a Nivel Experto ofrecido, este ano académico, pola biblioteca de Enfermaría, adscíbese no mesmo marco competencial que o de Nivel Avanzado, só que neste nivel, agárdase que o alumnado adquira as competencias citadas nun Nivel Experto.

As competencias que o alumnado debe adquirir son:

- Saber xestionar información e realizar traballos académicos cunha metodoloxía científica.
- Buscar información, localizar, seleccionar, analizar e construír novos coñecementos de forma autónoma e ética.
- Aprender a comunicar, difundir e compartir información reflexivamente e con responsabilidade, coñecer os seus dereitos de autor e aprender a evitar o plaxio.
- Saber como aumentar a visibilidade da súa investigación, creando o seu perfil dixital e publicando en acceso aberto.

2.2. Cronoloxía dos cursos e características fundamentais

a) Nivel Básico

O Nivel Básico estivo dirixido ao alumnado de 1º curso de Grao das titulacións de Medicina, Odontoloxía e Enfermaría.

Realizáronse dúas edicións de catro semanas de duración cada unha, para facilitarlles a quenda que lle resultase máis acaída ás súas necesidades. A primeira edición tivo lugar entre o 15 de outubro e o 15 de novembro de 2020 e a segunda entre o 15 de novembro e o 15 de decembro de 2020.

O curso de Nivel Básico consta de dez módulos teóricos, un Test de Coñecementos Previos (TCP) e un Test de Avaliación Final (TAF) coas mesmas preguntas para poder analizar a curva de aprendizaxe. Tamén achega unha Enquisa Inicial e unha Enquisa de Valoración Final: a primeira ten como finalidade saber se o alumnado recibiu algún tipo de formación en competencias nos seus estudos previos ao acceso á universidade e a segunda, pretende obter unha valoración de carácter cualitativo sobre a formación recibida.

No curso 2020/2021 por mor da COVID 19 non se puido realizar a visita á biblioteca da facultade ao comezo do curso, onde se lles dá coñecer o espazo e os principais servizos da biblioteca e que adoita ser unha actividade obrigatoria neste nivel.

No **Grao de Medicina** a formación estivo asociada á materia de primeiro curso **Iniciación á investigación**. No programa da materia indícase textualmente: “valorarase [...] a adquisición de competencias informacionais para o que o alumno deberá realizar o curso ofertado ao respecto en colaboración coa biblioteca [...]”.

No caso do **Grao de Enfermaría** a materia **Estatística e Metodoloxía da Investigación** de primeiro curso, informa no seu programa, que a avaliación terá en conta a superación con éxito do Curso de Competencias en Información como parte da avaliación da materia, podendo chegar a ter un peso dun 5% na nota final.

No **Grao de Odontoloxía** a materia **Historia da Odontoloxía e Documentación** recomenda no seu programa realizar o curso de formación en competencias en información.

b) Nivel Avanzado

Dirixido ao alumnado dos últimos cursos do Grao das titulacións de Medicina, Odontoloxía e Enfermaría e orientado á realización do Traballo de Fin de Grao.

O curso vincúlase á materia TFG. Así, a modo de exemplo, a Guía docente da materia G2021423 TFG do Grao en Enfermaría indica *“Para a realización do TFG é altamente recomendable a realización do “Curso avanzado de formación en competencias en información” impartido pola Biblioteca de Medicina e Odontoloxía / Biblioteca de Enfermaría da USC”*

Igual que no Básico, ofrecéronse dúas edicións de catro semanas de duración cada unha, para facilitarlle ao alumnado a súa realización na quenda que lle resultase máis oportuna. A primeira edición tivo lugar entre o 15 de novembro e o 15 de decembro de 2020 e a segunda entre o 1 e o 31 de marzo de 2021.

Estrutúrase en seis módulos teóricos e, igual que o Nivel Básico, conta un Test de Coñecementos Previos (TCP) e un Test de Avaliación Final (TAF) coas mesmas preguntas para poder analizar a curva de aprendizaxe. Tamén achega unha Enquisa Inicial e unha Enquisa de Valoración Final: a primeira ten como finalidade saber se o alumnado recibiu algún tipo de formación en competencias nos seus estudos universitarios e na segunda, preténdese obter unha valoración de carácter cualitativo sobre o curso recibido.

A parte práctica do curso, centrada no manexo de RefWorks e as buscas en bases de datos bibliográficas impartíuse a través do software de Teams, as clases foron gravadas (previa autorización dos participantes) e incorporadas ao curso para que puidesen ser consultadas de xeito asíncrono polo alumnado que non puido conectarse en directo o día de impartición das mesmas.

c) Nivel Experto

Realizouse un curso adscrito ao **Máster en Atención Sanitaria, Xestión e Coidados** e ao **Máster en Xerontoloxía** para alumnado de Enfermaría entre o **15 de outubro e 15 de decembro de 2020**.

A inversión de tempo por parte do alumnado para a realización do curso foi de aproximadamente 25 horas e organizouse en sete módulos, cos seus contidos teóricos e tarefas correspondentes de carácter obrigatorio.

O curso incluíu unha sesión práctica en modo virtual na plataforma TEAMS do Office 365 que ofrece a USC e tivo catro horas de duración. O material de apoio empregado para estas clases prácticas foi posto a disposición do alumnado do curso a través da plataforma Moodle.

Os cursos foron impartidos polo persoal da biblioteca da Facultade de Medicina e Odontoloxía e da Biblioteca da Facultade de Enfermaría.

Os niveis Básico e Avanzado estiveron titorizados por cinco membros do persoal das bibliotecas das dúas facultades implicadas: dous da Escala de Auxiliares de arquivos, bibliotecas e museos e tres da Escala de Axudantes de arquivos, bibliotecas e museos, especialidade bibliotecas.

O Nivel Experto estivo titorizado por tres membros do persoal das dúas bibliotecas, pertencentes á Escala de Axudantes de arquivos, bibliotecas e museos, especialidade bibliotecas, da USC.

2.3. Matrícula e acreditación

A matrícula para os cursos de Nivel Básico e Nivel Avanzado realizouse con procedemento de automatrícula a través da Secretaría Virtual da USC.

Desde o curso académico 2018-2019 a USC reconece esta actividade formativa cun crédito ECTS; desde o curso académico 2020-2021 o crédito impútase de xeito automático unha vez cubertas as ACTAS polo polo coordinador do curso de competencias e firmadas pola Dirección da Biblioteca Universitaria. A matrícula no curso de Nivel Experto para o Máster en Xerontoloxía e para o Máster en Atención sanitaria, xestión e coidados está integrado nos propios másters.

Estes cursos están recoñecidos con 25 horas e pódese solicitar o Diploma á Biblioteca Universitaria, que o entregará previa solicitude por escrito do alumno ou alumna e firmado pola dirección da Biblioteca Universitaria de Santiago de Compostela.

3. RESULTADOS

No curso 2020/2021 as bibliotecas da Facultade de Medicina e Odontoloxía e da Facultade de Enfermaría formaron a un total de **901** alumnas e alumnos dos **1027** matriculados nos tres niveis ofrecidos de Cursos de Competencias en Información: Nivel Básico, Nivel Avanzado e Nivel Experto.

3.1. Por curso

	ALUMNADO MATRICULADO	ALUMNADO APTO	ALUMNADO FORMADO
Nivel Básico CI	565	506	89,55%
Nivel Avanzado CI	415	360	86,74%
Nivel Experto CI	47	35	74,46%

3.2. Por titulación

MEDICINA			
	ALUMNADO MATRICULADO	ALUMNADO APTO	ALUMNADO FORMADO
Nivel Básico CI	362	343	94,75%
Nivel Avanzado CI	313	297	94,88%
Nivel Experto CI	Non se oferta		

ODONTOLOXÍA			
	ALUMNADO MATRICULADO	ALUMNADO APTO	ALUMNADO FORMADO
Nivel Básico CI	28	23	82,14%
Nivel Avanzado CI	23	14	43,47%
Nivel Experto CI	Non se oferta		

ENFERMARÍA			
	ALUMNADO MATRICULADO	ALUMNADO APTO	ALUMNADO FORMADO
Nivel Básico CI	153	139	90,84%
Nivel Avanzado CI	65	49	75,38%
Nivel Experto CI	47	35	74,46%

SEN GRUPO ESCOLLIDO			
	ALUMNADO MATRICULADO	ALUMNADO APTO	ALUMNADO FORMADO
Nivel Básico CI	22	1	4,54%
Nivel Avanzado CI	14	0	0%

3.3. Totais

CURSOS EN COMPETENCIAS EN CIENCIAS DA SAÚDE CURSO 2020/2021	
ALUMNADO MATRICULADO	1027
ALUMNADO APTO	901
ALUMNADO FORMADO	87,73%

4. ENQUISAS DE SATISFACCIÓN

a) Nivel Básico

A Enquisa de Satisfacción Final consta de 15 preguntas. En 13 solicítase a **puntuación dos ítems** consultados cunha **valoración de 1 a 5, onde 1 é o grao mínimo e 5 é o grao máximo**. Na última pregunta convídase ao alumnado a dar a súa opinión sobre o curso a través dunha caixa de texto libre, na que pode deixar constancia das súas críticas e suxestións para a mellora do mesmo.

Esta enquisa foi contestada por **458** alumnos dos **565** matriculados, é dicir polo **81,06%** do alumnado matriculado nos cursos. Queremos destacar o grao de satisfacción respecto a catro ítems concretos, tomando como mostra o número de respostas con **valoración de 3 a 5**, e a súa **porcentaxe con respecto ao número de enquisas respostadas**:

ENQUISA DE SATISFACCIÓN FINAL ÍTEMS	Nº RESPONSTAS con valor 3 a 5	SATISFACCIÓN
En que grao cubriu este curso as túas necesidades de formación?	420/458	91,70%
En que grao cres que o curso foi útil para adquirir novos coñecementos e habilidades na xestión de información?	435/458	94,97%
En que grao consideras que coñeces mellor os recursos de información xerais e específicos da túa área de coñecemento?	435/458	94,97%
En que grao recomendarías este tipo de formación aos teus compañeiros e compañeiras?	417/458	91,04%

b) Nivel Avanzado

As características da Enquisa de Satisfacción Final son iguais que para o Nivel Básico e vanse valorar os mesmos ítems. Salientamos de novo o grao de satisfacción respecto a catro ítems concretos, tomando como mostra o número de respostas con valoración de 3 a 5, e a súa porcentaxe con respecto ao número de enquisas respostadas. Neste caso a enquisa foi respostada por **238** dos **415** matriculados no curso, é dicir por un **57,34%** do alumnado matriculado no curso.

ENQUISA DE SATISFACCIÓN FINAL ÍTEMS	Nº RESPOTAS con valor 3 a 5	SATISFACCIÓN
En que grao cubriu este curso as túas necesidades de formación?	223/238	93,69%
En que grao cres que o curso foi útil para adquirir novos coñecementos e habilidades na xestión de información?	231/238	97,05%
En que grao consideras que coñeces mellor os recursos de información xerais e específicos da túa área de coñecemento?	229/238	96,21%
En que grao recomendarías este tipo de formación aos teus compañeiros e compañeiras?	229/238	96,21%

c) Nivel Experto

A Enquisa de Satisfacción Final, asociada ao Curso de Competencias inserido no Máster en Xerontoloxía e Máster en Atención sanitaria, xestión e coidados consta de 18 preguntas. En 16 solicítase a puntuación dos ítems cunha valoración de 1 a 5, onde 1 é o grao mínimo ou moi baixo e 5 é o grao máximo ou moi alto. Na última pregunta solicítaselle ao alumnado a súa opinión sobre o curso a través dunha caixa de texto libre, na que pode deixar constancia das súas críticas e suxestións para a mellora do mesmo.

Nos cadros de resultados queremos destacar o grao de satisfacción respecto a seis ítems concretos, tomando como mostra o número de respostas con valoración de 3 a 5, e a súa porcentaxe con respecto ao número de enquisas respostadas.

A enquisa foi respostada por **28 dos 47** membros do alumnado matriculados no curso, o **59,57%** do alumnado matriculado.

ENQUISA DE SATISFACCIÓN FINAL ÍTEMS	Nº RESPOTAS con valor 3 a 5	SATISFACCIÓN
En que grao cubriu este curso as túas necesidades de formación?	20/28	71,42%
En que grao cres que o curso foi útil para adquirir novos coñecementos e habilidades na xestión de información?	20/28	71,42%

En que grao consideras que coñeces mellor os recursos de información xerais e específicos da túa área de coñecemento?	23/28	84,14%
En que grao recomendarías este tipo de formación aos teus compañeiros e compañeiras?	20/28	71,42%
Se asistiches á sesión presencial, valora a súa utilidade para a túa formación académica	19/28	67,85%
En que grao consideras que o curso che vai axudar na túa formación académica e profesional?	20/28	71,42%

d) Opinións, críticas e suxestións do alumnado

A Enquisa de satisfacción final, en todos os niveis, ten como último item un campo de texto libre onde o alumnado pode aportar as súas opinións, críticas e suxestións sobre o curso realizado. Presentamos un breve resumo de cada un dos niveis, así como algunhas das intervencións que consideramos máis descataadas.

d.1) Nivel Básico

Críticas e suxestións

- Supresión da limitación de tempos nalgúns dos exercicios do curso.
- Posibilidade de ofertar o curso en castelán ou inglés debido á presenza nas diferentes titulacións de alumnado procedente do estranxeiro ou de diferentes puntos de España.

Outras valoracións:

- Adquisición de ferramentas para realizar traballos e labores de investigación.
- Curso dinámico, con contidos de grande utilidade para o alumnado.

Comentarios do alumnado:

- *“El curso cumplió con las expectativas previas a su inicio, me gustaría felicitar y agradecer al personal especializado y encargado por su implicación y atención constante, especialmente en mi caso que al momento de necesitar ayuda, siempre mostraron disposición y profesionalidad. Mi única sugerencia, y opino que es una generalizada correspondiente al grupo que completó el curso, ya que muchos estudiantes son originarios fuera de Galicia, y por ende no ser gallego parlantes, en ocasiones se me dificultó entender algunas frases e ideas esporádicas, que fueron atendidas por las distintas herramientas indicadas al comienzo de la aplicación de las distintas actividades; por supuesto quiero recalcar la importancia y la necesidad de impulsar el gallego como idioma fundamental al estudiar en este complejo de universidades autonómicas, sin embargo podría ser adaptado al castellano como apoyo al estudiantado. Muchas gracias por todo”.*

- *“Orixinalmente, fixen este curso sobre todo porque ofrecía un crédito se era completado satisfactoriamente. Pode que non sexa do todo útil para alguén que xa é experimentado no uso das tecnoloxías (identifícome como unha destas persoas, mais debo admitir que aprendín certas cousas), xa que o nivel de formación é básico.*

Porén, existen moitos alumnos que non dispoñen destes coñecementos de antemán, sexa porque non teñen ou tiñan tanto acceso á web e ós dispositivos electrónicos, ou por calquera razón. Para estes estudantes, considero que este curso pode axudarlles moito e, sen dúbida, introducilos ao mundo da investigación e navegación na internet dunha maneira segura e eficiente.

Resumindo, e xa para rematar a miña conclusión e experiencia persoal, conclúo que este curso, mais que para dedicar o aprendido á carreira, é unha excelente iniciativa para aqueles que non teñen a experiencia suficiente no ámbito das novas tecnoloxías. Os coñecementos básicos que aquí se aprenden poden servirllle a alguén novo neste mesmo campo para a súa vida diaria, e por isto mesmo e pola calidade e esforzo dedicados á creación do curso, sinto que debo felicitarvos”.

d.2) Nivel Avanzado

Críticas e suxestións

- Incrementar o contido audiovisual fronte ao teórico e incremen das clases prácticas.
- Aumentar o número de exercicios prácticos e reducir os tipo test.
- Publicitar máis o curso.
- Modificación do formato de presentación dos contidos teóricos: pasalos de formato web a pdf para facer máis doada a súa descarga.
- Existencia de pequenos desaxustes entre algún exercicio e o contido teórico e solapamento de teoría en diferentes módulos.
- Realizar melloras na navegabilidade dos contidos.
- Mellora na redacción, corrección de erros tipográficos e ortografía en galego.

Outras valoracións:

- Curso de utilidade para a realización do TFG, pero o alumnado considera que se debería afondar máis no módulo dedicado ao mesmo.

Comentarios do alumnado:

- *“En xeral a información que me achega penso que me vai ser de moita utilidade á hora de realizar o meu TFG porque é certo que durante a carreira facer este curso é a única opción que temos para obter esta información”.*
- *“Lo que más útil y didáctico me pareció fue la clase práctica, yo la vi en diferido porque no pude asistir en directo y creo que es la información que más fácilmente aprendí y que voy a recordar durante más tiempo. Tal vez estaría bien hacer los módulos con más vídeos de los profesores, en vez de texto, a mí me resultaría más atractivo el curso. De todos modos ya considero que está muy bien y que me fue muy útil”.*

- *“Parecéume un curso moi necesario no grao. Levo 5 anos na universidade e non coñecía nin a metade dos recursos que nos ofrece a BUSC. Teño claro que foi unha decisión acertada matricularme no curso, xa que agora comezo a entender ben o mundo da recollida, análise e uso da información, sobre todo de cara ao TFG, que está preto.*

Os exercicios non eran excesivamente complicados, o único que cambiaría é o formato dos libros, xa que ao estar na propia páxina era incómodo andar movendo a pestana de desprazamento cada anaco, e ao descargarlos en pdf tiña que ser en horizontal para que non se recortase información. Poderíades poñer os libros directamente como documentos pdf xa ordenados e cos enlaces, ao mellor sería máis rápido.

Moitas grazas pola rapidez na corrección e a atención, moi amables no trato. Un saúdo!”

d.2) Nivel Experto

Críticas e suxestións

- Posibilidade de ofertar o curso en castelán.

5. CONCLUSIÓN

Aínda que as memorias das titulacións prevén a adquisición desta competencia transversal, na práctica, a formación específica vén da man das bibliotecas.

A institucionalización desta actividade, entendida como a súa integración nos métodos e procedementos que a USC aplica á formación oficial e regulada, móstrase como a máis eficaz para chegar aos usuarios.

Os resultados, tanto os cuantitativos como os cualitativos, mostran unha actividade con un alto grao de implantación e valoración na área das ciencias da saúde.

A colaboración da biblioteca co PDI e cos órganos de goberno dos centros resulta fundamental na consolidación e o éxito das actividades formativas.

Este curso académico 2020-2021, no contexto da situación sanitaria que estamos a vivir, foi necesario impartir as tradicionais clases prácticas presenciais a través da ferramenta TEAMS e gravalas co STREAM que ofrece a USC a través do Office 365. As videogravacións, realizadas coa autorización do alumnado conectado á sesión, foron incorporadas ao Campus Virtual para que puidesen ser visualizadas de xeito asíncrono. Este feito deu a oportunidade de percibir, polos comentarios do propio alumnado, a necesidade de incrementar ou implementar os contidos visuais, mesmo as explicacións teóricas, con este tipo de vídeos coloquiais, sen excesivas formalidades, realizados polo persoal que imparte o curso.

A biblioteca pode empregar pois esta “situación adversa” ao seu favor, como unha oportunidade para achegarse ás usuarias e usuarios a través dun medio que lles resulta amigable e familiar, non só para a realización dos cursos, se non para dar a coñecer as actividades, recursos, avisos ou novidades da biblioteca. Nun momento no que se impón a distancia social, o achegamento humano a través da imaxe e da palabra pode ser un xeito de seguir presentes no día a día dos usuarios.

Como elementos de reflexión para avanzar no obxectivo de evidenciar a función formadora da BUSC e de utilizar as competencias en información como unha estratexia educativa, propónse:

- Sen entrar en cuestións conceptuais, é indubidable o éxito do término Competencias Dixitais adoptado pola UE no proxecto DigComp, fronte ao termo clásico de Competencias en Información.
- Os contidos e as actividades que permiten a adquisición desta competencia requiren dunha actualización permanente, tanto a nivel intelectual como formal.
- A avaliación é unha actividade fundamental en calquera proxecto de actuación, xa que fortalece a súa razón de ser e contribúe á mellora continua. Avaliar o grao de adquisición desta competencia, o seu impacto na formación do alumnado e nos resultados da propia institución, debe formar parte do desenvolvemento desta actividade.

6. BIBLIOGRAFÍA

1. Real Decreto 1393/2007, de 29 de octubre, por el que se establece la ordenación de las enseñanzas universitarias oficiales. Boletín Oficial del Estado. 2007;260.
2. Universidade de Santiago de Compostela. Regulamento de matrícula, elaboración e defensa dos traballos fin de grao e fin de máster na Universidade de Santiago de Compostela, Aprobado polo Consello de Goberno do 10 de marzo de 2016 [Internet]. Disponible en: https://www.usc.gal/export9/sites/webinstitucional/gl/normativa/xestionacademica/Pto_15.-Regulamento_de_matrxculax_elaboracixn_e_defensa_TFG_e_TFMok.pdf
3. Comisión Mixta CRUE-TIC, REBIUN. Competencias informáticas e informacionais (CI2) en los estudios de Grado [Internet]. 2012 [consultado xuño 2020]. Disponible en: <http://www.rebiun.org/sites/default/files/2017-11/dec%C3%A1logo%20CI2.pdf>
4. REBIUN. Definición de Competencias Informacionais [Internet]. 2014 [consultado marzo 2019]. Disponible en: https://www.rebiun.org/sites/default/files/2017-11/Definicion_Competicencias_Informacionais_2014.pdf
5. Recomendación del Parlamento Europeo y del Consejo de 18 de diciembre de 2006 sobre las competencias clave para el aprendizaje permanente (2006/962/CE). Diario Oficial de la Unión Europea. 2006; L394(10)
6. REBIUN. Marco de competencia digital para estudiantes de grado: adaptación de DIGCOMP [Internet]. 2016 [consultado xuño 2020]. Disponible en: <http://hdl.handle.net/20.500.11967/65>.
7. Universidade de Santiago de Compostela. Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela [Internet]. 2014. [consultado xuño 2020]. Disponible en: https://www.usc.gal/export9/sites/webinstitucional/gl/normativa/descargas/documentos/Estatutos_da_Universidade_de_Santiago_de_Compostela_-_DECRETO_14-2014x_do_30_de_xaneirox_polo_que_se_aproban_os_estatutos_da_USC.pdf
8. Universidade de Santiago de Compostela. O Plan Estratéxico da BUSC 2011- 2014 [Internet]. 2011 [consultado xuño 2020]. Disponible en: <https://www.usc.es/export9/sites/webinstitucional/gl/servizos/biblioteca/descargas/plan-estratexico.pdf>
9. Universidade de Santiago de Compostela. Biblioteca Universitaria. Programa de formación en competencias informacionais (CI) da BUSC. 2017.
10. Directrices para o desenvolvemento dunha docencia presencial segura (Curso 2020-2021) [Internet]. 2020 [consultado xuño 2020] Disponible en : https://www.usc.gal/export9/sites/webinstitucional/gl/web/descargas/20_06_26_Directrices-docencia-2020-2021.pdf